



## O Noia Harp Fest pon o foco nas músicas de raíz da man de Rachel Hair & Ron Jappy, Nadia Birkenstock e Solomiia Savchuk

**Santa María A Nova acollerá un recital da arpista alemá; mentres que o Teatro Coliseo Noela será o escenario no que o público poderá gozar, ao vivo, a sonoridade dos instrumentos tradicionais ucráinos e escoceses**

**Noia, 8 de agosto de 2024.-** As músicas de raíz serán protagonistas este venres, 9 de agosto, da segunda xornada do 11º Noia Harp Fest. A alemá **Nadia Birkenstock**, recoñecida pola súa destreza coa arpa celta; a ucráina **Solomiia Savchuk**, destacada intérprete de bandura; e o dúo escocés **Rachel Hair & Ron Jappy**, salientable polo seu dominio da clarsach (arpa escocesa) e da guitarra acústica, ofrecerán as actuacións do día, cuxo acceso será de balde ata completar capacidade dos recintos.

A intérprete, cantante e compositora **Nadia Birkenstock**, recoñecida pola súa destreza coa **arpa celta** e cuxos vídeos suman millóns de visualizacións na plataforma Youtube, dará un recital ás 19.00 horas en Santa María A Nova. Será unha cita íntima na que se poderán escoitar temas dos seus álbums en solitario.

Xa pola noite, a música ao vivo trasladarase ao Teatro Coliseo Noela. No recinto actuará, en primeiro lugar, **Solomiia Savchuk**, moza ucráina residente en Ferrol, cantante e destacada intérprete de **bandura**, un instrumento de corda pulsada que combina elementos da cítara e o laúde, así como da kobza. A bandura, profundamente arraigada na cultura popular ucraniana, é fundamental na música folclórica do país.

A continuación, o dúo escocés **Rachel Hair & Ron Jappy** achegará un dos directos máis animados deste NHF. Procedentes de vilas mariñeiras ricas en tradición musical e excelentes intérpretes de **clarsach** (arpa escocesa) e **guitarra acústica**, ambos músicos darán a coñecer o seu lanzamento máis recente, *élan* (2023), un traballo no que regresan ás súas raíces para presentar unha mestura ecléctica de jigs, reels e marchas de Escocia, Irlanda e Illa de Man.



## **NOIA HARP FEST**

O Noia Harp Fest celebra a súa 11ª edición do 8 do ao 10 de agosto. Trátase do único evento cultural do noroeste peninsular que ten como eixo vertebrador interpretación musical a través da arpa. Bandas e solistas chegadas de **Alemaña, Escocia, Francia, Senegal e Ucraína**, ademais do talento local, forman parte dun cartel ateigado de talento e **pluralidade estilística**.

O **Noia Harp Fest**, codirixido por **Rodrigo Romani, Beatriz Martínez e Alba Barreiro**, e que conta co apoio do Concello de Noia, da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e da Deputación da Coruña, ten neste 2024 seis escenarios: a Igrexa Museo de Santa María A Nova, o Teatro Coliseo Noela, o Liceo de Noia, a Praza do Tapal, o Claustro de San Francisco e a Rúa do Curro. Toda a información sobre as bandas, solistas e horarios dos concertos pódese consultar en [www.noiaharpfest.gal](http://www.noiaharpfest.gal).

### **AXENDA NHF | 9 DE AGOSTO**

**19.00h** - Santa María A Nova | **Nadia Birkenstock** (Alemaña)

**21.00h** - Teatro Coliseo Noela | **Solomiia Savchuk** (Ucraína)

**22.00h** - Teatro Coliseo Noela | **Rachel Hair & Ron Jappy** (Escocia)

Descarga aquí o [kit de prensa](#) do Noia Harp Fest

#### **Contacto de prensa Noia Harp Fest**

Lucía Pita | 675 404 321 [lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es)